



Na xuntanza da comisión de seguimento da Carreira Profesional de Xestión e Servizos e Sanitarios de Formación Profesional o Sergas informou de que houbo 5121 Resolucións favorables e 496 desfavorables, e dicir, case o 10% do total das presentadas, delas, 162 con avaliación desfavorable e 55 que non teñen o ámbito de aplicación(funcionarios). As restantes por non teren o tempo necesario.

Unha das cuestións de tantas avaliacións desfavorabeis foi o criterio utilizado para a baremación dos cursos de formación anteriores ao ano 2002

. O Sergas, neste asunto, inventou un criterio que non ten nada que ver co negociado e publicado no DOG no seu momento. Decide o SERGAS que o acordado non vale para Auxiliares Administrativos, Celadores e Auxiliares de Enfermaría, argumentando que estas categorías tiveron suficiente oferta formativa e polo tanto non hai que acudir a unha formación anterior ao ano 2002. A esta medida opúxose toda a comisión de seguimento, pero o SERGAS, non cambiou o criterio.

A única posible solución para as persoas afectadas por isto (según o Sergas 46 persoas) é a presentación en vía de Recurso da documentación que acredite o seu compromiso coa organización, ou sexa un papel asinado pola xerencia correspondiente no que poña que dita persoa participou nalgún protocolo que supón un compromiso coa organización.

Como CIG-Saúde denunciámos este criterio do Sergas e informámoslles as persoas para que presenten os recursos, en base ao acordado no DOG, e ao mesmo tempo, se consiguen o Compromiso coa Organización o presenten tamén.

Unha vez máis, o Sergas cébase coas persoas que teñen o salario máis baixo no sistema, a parte que vulnera a norma cunha interpretación totalmente subxetiva.